

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE DE OUTES

CURSO: 6ºA

MATERIAS: Lingua galega, Lingua castelá, Matemáticas, Ciencias
Sociais, Ciencias da Natureza. Valores Sociais e cívicos

DATA: 12-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
LINGUA GALEGA	GALEGA	L. GALEGA
Valorar e utilizar os documentos audiovisuais como instrumento de aprendizaxe.	Identifica en documentos audiovisuais a información relevante.	CCL CD CAA CSC
Realizar o subliñado das ideas principais dun texto, e esquematizar e resumindo o seu contido.	Realiza o resumo dun texto.	CCL CAA
Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás aplicando as normas ortográficas , de puntuación e acentuación.	Elabora diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ...) aplicando correctamente as normas de acentuación , as normas ortográficas e os signos de puntuación.	CCL CAA CSC CCEC
Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade.	Le obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual adaptadas á idade.	CCL CCEC CD
LINGUA CASTELÁ	LINGUA CASTELÁ	L. CASTELÁ
Valorar e utilizar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso á informacións e experiencias doutras persoas..	Resume entrevistas, noticias, debates infantís...procedentes da radio, televisión e da internet.	CCL CD CAA CSC

Resumir un texto lido reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais e secundarias nos distintos tipos de textos.	Elabora resumos de textos lidos e identifica os elementos característicos dos diferentes tipos de textos.	CCL CAA
Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas, normas de puntuación e acentuación, coidando a caligrafía, orde e presentación.	Escribe textos propios do ámbito da vida cotiá, do ámbito escolar e social: diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, textos literarios, narracións, anuncios, descricións, receitas, etc.	CCL CD CAA
Valorar os textos literarios e utilizar a lectura como fonte de lecer e información e considerala como un medio de aprendizaxe e enriquecemento persoal de máxima importancia.	Recoñece e valora as características fundamenatis de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos.	CCL CCEC
MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS
Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números (naturais, enteiros, decimais e fraccións) Calcula o mcm e o mcd	CMCT CAA
Operar con medidas diferentes	Suma, resta, multiplica e divide medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.	CMCT

Utilizar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, xeometría, perímetro e superficie.	Identifica e representa posicións relativas de rectas e circunferencias e de ángulos en distintas posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice...	CMCT
Coñecer as figuras planas; cadrado, rectángulo, romboide, triángulo, trapecio e rombo.	Clasifica figuras planas e triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos, identificando as relacións entre os seus lados e entre ángulos.	CMCT
Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato.	Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos:: diagramas de barras, poligonais e sectoriais con datos obtidos de diferentes situacións.	CMCT CAA
CIENCIAS SOCIAIS	CIENCIAS SOCIAIS	C. SOCIAIS
Describir correctamente planos e mapas, incluíndo os planisferios, interpretando a súa escala e signos convencionais.	Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, incluíndo os planisferios, define que é a escala dun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.	CMCT CAA
Identificar as principais unidades de relevo de Europa e de España, os seus climas e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.	Localiza nun mapa o relevo de Europa e de España, as súas vertentes hidrográficas e o seu clima.	CMCT
Identificar as actividades que pertencen a cada un dos sectores económicos, describir as características destes	Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen,	CSC CMCT

recoñecendo as principais actividades económicas de España e Europa.	explicando tamén as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en Europa e en España.	CCL
Identificar, localizar no tempo acontecementos históricos, políticos, sociais e culturais, máis relevantes da historia de España.	Sitúa nunha liña do tempo os principais acontecementos que se produciron en España durante os séculos XIX e XX	CMCT CSC CCEC
CIENCIAS DA NATUREZA	CIENCIAS DA NATUREZA	C. NATUREZA
Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións comunicando os resultados.	Realiza pequenas experiencias e investigacións comunicando os resultados.	CMCT CCL CAA CSIEE
Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.	Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.	CMCT
Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas nomeando as principais características e funcións de cada un deles.	Identifica a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas nomeando as principais características e funcións de cada un deles.	CCL CMCT
Coñecer as características das fontes de enerxía e materias primas renovables e non renovables.	Identifica e explica algunhas das principais características das diferentes formas de enerxía: mecánica, lumínica, sonora, eléctrica, térmica e química.	CMCT CCL

Coñecer os principios básicos que rexen as máquinas e os aparellos.	Identifica diferentes tipos de máquinas e clasifícaaas segundo o número de pezas, xeito de accionalas e a acción que realizan.	CMCT CAA
VALORES SOCIAIS E CÍVICOS	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS	VALORES
Estruturar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva.	Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.	CSC CSIEE CCL
Analizar criticamente as consecuencias dos prexuizos sociais, reflexionando sobre os problemas que provocan e o seu efecto nas persoas que os sofren.	Expón razoadamente as consecuencias dos prexuizos sociais para as persoas da contorna social próxima.	CCL CSC CCEC
Comprender a declaración da igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, aplicándoa á análise da contorno social.	Analiza formas de discriminación: racismo, xenofobia, desigualdade de oportunidades...	CSC CSIEE

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

COMPETENCIAS CLAVE

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)
- Competencia dixital (CD)
- Aprender a aprender (CAA)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos e instrumentos: Observación e seguimento das tarefas realizadas polo alumnado.
Cualificación final	Na avaliación final ordinaria, terase en conta os resultados das dúas primeiras avaliacións e o traballo realizado durante a actividade lectiva non presencial. Este traballo inclúe actividades de repaso, reforzo e posible ampliación das aprendizaxes que teñan como referentes as competencias clave esenciais para a adecuada progresión do alumnado.
Proba extraordinaria de setembro	
Avaliación de materia pendentes	Criterios de avaliación: Ter en conta os sinalados anteriormente para cada materia.
	Criterios de cualificación: Teranse en conta os resultados obtidos nas dúas primeiras avaliacións, vendo a evolución a través do traballo realizado durante a actividade lectiva non presencial que só poderá ter valor positivo.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Observación e seguimento das tarefas realizadas polo alumnado que teña materias pendentes.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do alumnado.</p> <p>Ademais a través do blogue propóñense diferentes actividades motivadoras con motivo de conmemoracións como o día do libro, o Pampallín, Letras Galegas, etc.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Dada a complexidade da situación actual que non permite que as sesións poidan levarse a cabo dunha maneira presencial, a metodoloxía estará baseada na comunicación telemática entre titor/a e alumnado a través de chamadas telefónicas, do blogue de aula que está na páxina web do centro e o correo electrónico para solucionar dúbidas e corrección de tarefas. Tamén se empregará o espazo Abalar para manter a comunicación coas familias e videoconferencias coa aplicación Cisco Webex Meetings co alumnado.</p>
Materiais e recursos	<p>Libros de texto, libretas, material funxible, ordenadores, tablets, móbiles, blogues educativos de elaboración propia e páxina web do centro.</p> <p>Hai que ter en conta que o concello presta un servizo de fotocopiado e escaneado de materiais para o alumnado.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A comunicación centro-familias farase a través do espazo Abalar e da páxina web.
Publicidade	Publicación deste documento na páxina web do centro.